

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza


Á Mesa do Parlamento

Bieito Lobeira Domínguez, Carlos Aymerich Cano e Ana Luisa Bouza Santiago, deputados e deputada do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta, para a súa resposta oral en Comisión**, relativa ás acusacións de pasividade fronte ao furtivismo dirixidas pola Consellaría do Mar á Confraría de Pescadores da Coruña.

O día 16 de agosto o Subdirector Xeral do Servizo de Gardacostas de Galiza (dependente da Consellaría do Mar), Lino Sexto, acusaba nos medios de comunicación á Confraría de Pescadores da Coruña de manter unha actitude “pasiva” na loita contra o furtivismo na ría do Burgo.

Segundo a pintoresca visión do máximo responsábel do Servizo de Gardacostas, os membros desta confraría se limitan a avisar telefonicamente da presenza de furtivos na ría, e non son quen de disuadilos polos seus propios medios.

Escandaloso recital de demagogia e ignorancia. O Subdirector Xeral é coñecedor –ou debera selo- de que os vixilantes da confraría non son funcionarios públicos. Non poden, daquela, levantar acta administrativa de ningunha caste, nin posúen presunción de veracidade perante un furtivo ou infractor. Máis aínda, tendo en conta a singularidade que presenta o fenómeno furtivo na ría da Coruña (con evidentes signos de organización, numeroso, e recorrendo á violencia física), que mesmo chega a que os propios efectivos de protección de recursos da Xunta de



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Galiza teñan, nos seus operativos, que serán acompañados por forzas e corpos de seguranza do Estado.

O máximo responsábel do Servizo de Gardacostas, nunhas manifestacións intollerábeis –dispoñemos da gravación completa- chega a deitar dúbidas sobre a honradez dos membros da confraría.

“A min gustaríame saber en que gastan os cartos que se dan para a vixilancia, en que se empregan os case 80.000 euros”

Curioso proceder o deste “responsábel” político. Xustifica a súa incompetencia á hora de resolver os gravísimos problemas de furtivismo botándolle a culpa precisamente ás vítimas –mariscadoras e mariscadores- desta lacra. Mariscadoras e mariscadores que pretenden vivir dignamente do seu propio traballo. A quen lle afecta directamente o furtivismo é ao sector marisqueiro, que é quen está a demandar solucións desde hai tempo, e non a un Subdirector Xeral paradigma de ineptitude e inutilidade para o exercicio do seu cargo.

Estas son as razóns que levan ao BNG a formular as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión de Pesca e Marisqueo:

1.^a) Segue a manter a Consellaría do Mar que a Confraría da Coruña mantén unha actitude pasiva fronte ao furtivismo?

2.^a) Desautoriza as manifestacións públicas do Subdirector Xeral do Servizo de Gardacostas de Galiza en relación con este tema?



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3.ª) Ten a Consellaría do Mar indicios, probas ou informacións de que a Confraría da Coruña deriva para outros fins as axudas públicas recibidas en materia de vixilancia?

4.ª) Ten capacidade un vixilante dunha confraría para abrir expediente de infracción a calquera furtivo, ou ben ten que poñer os feitos en coñecemento do Servizo de Gardacostas de Galiza?

5.ª) Á vista do descrito, ten previsto a Consellaría do Mar cesar da súa responsabilidade ao Subdirector Xeral do Servizo de Gardacostas de Galiza?

Santiago de Compostela, 23 de agosto de 2010.

Asdo.: Bieito Lobeira Domínguez

Carlos Aymerich Cano


Ana Luisa Bouza Santiago

Deputados e deputada do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Bieito Lobeira Domínguez na data 23/08/2010 12:41:49

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 23/08/2010 12:41:58



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/08/2010 12:43
Nº Rexistro: 45719
Data envío: 23/08/2010 12:43:03.950

Ana Luísa Bouza Santiago na data 23/08/2010 12:42:03